

NOVA REUNIÓN CO DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE O ACORDO DE XUBILACIÓN PARCIAL

O pasado venres 17 de outubro de 2025 as organizacións sindicais **FSIE, UGT, CCOO, FEUSO e SNEP** fomos recibidas polo Director Xeral de Centros e Recursos Humanos dentro da ronda de contactos que estamos levando a cabo en relación co Acordo de Xubilación Parcial.

O Director Xeral de Centros presentounos un novo borrador con algunhas melloras sobre o anterior que xuntamos a este comunicado para que poidades valoralo.

As características principais son:

- **O acceso á xubilación parcial poderá ser ata dous anos antes da idade legal de xubilación.**
- **A porcentaxe máxima de xubilación será dun 72% (18 horas), quedando cun contrato de traballo do 28% restante (7 horas).**
- **O remudista será contratado co 100% da xornada**
- **Será necesario acreditar seis anos de antigüidade no pago delegado en xornada completa para poder acceder.**
- **Retírase a obriga de que a persoa remudista teña a mesma titulación que a relevada.**
- **Establécense dúas ventás de acceso á xubilación, en xaneiro e en setembro. Aínda que por requisitos formais do acordo o primeiro acceso poderá retrasarse ata o 1 de febreiro.**
- **Regúlase con máis detalle o procedemento.**
- **O prazo de duración do acordo se estende ata o 31 de agosto de 2029.**

As organizacións sindicais insistimos na necesidade de non deixar a ninguén atrás, e incluír ás persoas compañeiras que comparten pago privado e pago delegado, e/ou ás que solicitaron nos últimos anos da súa vida laboral algunha excedencia ou redución de xornada. Solicitamos tamén que se suprimiran as ventás ou en todo caso, incluír unha nova no mes de abril para evitar discriminacións. Pedimos que se vinculara este acordo ao acordo de recolocación esixindo que as persoas que están na lista de recolocación sexan contratadas como remudistas se cumpren as condicións de titulación. E insistimos tamén en vincular a sinatura deste acordo ao compromiso de ir abordando o resto de temas pendentes coa Consellería: homologación retributiva, baixada de ratios, Pea, complemento de dinamización lingüística, etc...

Hai prevista unha reunión coas patronais o próximo luns 20 de outubro e a mediados da semana que vén quedaron en dar unha resposta ás nosas reivindicacións.

Esperamos que sexan tidas en conta e poder avanzar na negociación na Mesa Tripartita e contar cun Acordo de xubilación parcial digno e xusto a partir do vindeiro ano .

Manterémosvos informadas/os!